

CANTIGAS DE AMIGO

- Orixe e caracterización das cantigas de amigo.
- Forma das cantigas de amigo.
- Personaxes.
- Ciclos temáticos das cantigas de amigo: Variedades
- Campos sémicos.
- Orixe e caracterización das cantigas de amigos.

Trátase dun desenvolvemento autóctono dunha poesía popular de carácter feminino. Os cantares de amigo son populares, espontáneos, cercanos á vida e orixinais.

Os cantares de amor son cortesáns, artificiais e afectados de provenza.

Polo que respecto á caracterización é preciso comezar dicindo que as cantigas de amigo son composicións realizadas, por un home nas que este pon en labios dunha muller un lamento, unha invocación, unha chamada ou unha queixa amorosa dirixida ó seu amigo.

Tematicamente e afín a cantiga de amor pero distínguese desta pola perspectiva atmósfera, a entoación e os esquemas formais en que se manifesta a situación.

A muller que se queixa ou se indigna pola ausencia ou indiferencia do amigo é sempre unha doncela inxenua, pero que coñece tódolos segredos e tódalas posibilidades da súa condición feminina para o amor. Esta muller adquire tódolos estados psicolóxicos de muller namorada, opónse á refinada "Senhor" aristocraticamente esquiva e feudalmente distante da cantiga de amor. Estamos diante de sentimentos femininos perceptibles polo home e non diante dunha confesión de muller berante ó amor. O motivo esencial é o seguinte:

A doncela namorada que se dirixe ó seu amigo.

A palabra clave amigo aparece en xeral no comezo da cantiga caracterizando o xénero na esencia narrativa do poema.

O preámbulo é unha característica da cantiga de amigo indicando o estado sentimental da doncela. A protagonista pódese dirixir á nai, a outra amiga, a unha irmá. Para falar do seu amigo actuando estas de confidentes.

Na primeira cobra (estrofa) está toda a mensaxe, no resto dos versos atopamos a repetición. A repetición e o paralelismo son necesarios para transmitir a carga emotiva que a cantiga conleva. A cantiga de amiga evita que a acción atrinxa prioridade sobre a tensión emocional.

O amigo nunca responde, non se produce diálogo, coñecémolas actitudes masculinas a través das palabras da amiga. Outro elemento esencial e o sentimento da natureza a paisaxe e non urbana.

• FORMA DAS CANTIGAS DE AMIGO.

- **PARALELISMO:** Desde o punto de vista da forma é o rasgo máis característico da cantiga de amigo.

Este e o procedemento repetitivo que enlaza as estrofas de dous en dous, facendo que os versos da segunda estrofa sexan unha pequena variante dos versos da primeira estrofa. O paralelismo pode ser de dúas clases:

- Paralelismo perfecto: substitución da última palabra do verso por outra sinónima, ou repetición das mesmas palabras, pero con ordenación diferente de modo que varíase a rima.
- Paralelismo imperfecto: os versos da segunda estrofa reproducen libremente a estrutura sintáctica ou significado dos versos da primeira estrofa.
- LEIXAPRÉN: Consiste na repetición dos segundos versos dun par de estrofas. Como primeiros versos do par seguinte
- REFRÁN: Estribillo que se repite ó final de cada estrofa.

• PERSONAXES

- A NAI: a doncella débelle explicacións de todo o que fai. A vida sentimental da moza a fiscalizada só pola nai, o seu papel e o de vixianza prohibida. Nos conflitos entre nai e filla xéranse as veces actitudes de revidada polo xeral a nai consente no namoro, pero advirte á filla que non vaia máis alá e permitíndolle que vaia a ve-lo seu amigo pídelles que non lle diga a ningún que foi ela a consentidora.
- A CONFIDENTE: as doncelas tiñan que confiala súa coita de amor a alguén, normalmente as súas mandadeiras serían a irmá máis nova, a amiga ou a veciña. A confidente debe conciliar en algún caso os namorados enfadados.

• CICLO TEMÁTICO DAS CANTIGAS DE AMIGO: VARIEDADES.

- AS BAILADAS: trátase de composicións destinadas á danza coral exprésase nelas a alegría de amar e de vivir. Todas presentan paralelismo e leixapren.
- AS MARIÑAS OU BARCAROLAS: neste tipo de composicións vemos unha paisaxe que con frecuencia se presenta dunha maneira precisa: Ría de Vigo, ribeira de Lisboa, ermida costeira.

Podemos ver á moza interrogando ás ondas agardando ó amado ou desesperada porque os barcos volven sen él.

A muller falaba nos seus versos da partida dos soldados da angustia, da leva mariñeira, pero tamén do gusto pola contemplación das ondas ou das naves e os praceres da ría.

A barcarola presenta un mar que rí, unha natureza amable, partícipe do saber de doncela diante da chegada do seu amigo.

O papel do mar pode variar, simboliza a separación dos amantes e ás veces de confidentes.

- AS CANTIGAS DE ROMARÍA: caracterízanse pola referencia á peregrinaxe feita pola protagonista a un santuario.

Estes poemas presentan ó santuario, a ermida, como un mero pretexto para o encontro dos dous namorados. Estamos ante unha recreación de motivos tradicionais.

• AS CANTIGAS DE ALBORADA:

- ALBAS: a alba provenzal narra a despedida dos amantes ó vencer despois de teren pasado a noite xuntos alertados polos berros dun vixía que anuncia a mañá que chega.

• OS CAMPOS SÉMICOS.

A cantiga de amigo ten polo menos cinco campos sémicos:

Panexírico, concordia de amor, amor insatisfeito, prohibición e paisaxe.

- PANIXÍRICO: teñen cantidade de eloxio da dama e a habilidade poética do amigo. Son frecuentes fórmulas como: *bon parecer, bon semelhar, fremoso parecer, parecer ben, fremoso e de mui bon prez, amiga fremosa*
- AMOR INSATISFEITO: a muller está encargada de manifestar as mesmas ansias espresadas polo poeta en primeira persoa ou de proba-la comparecencia ou a mágoa dela perante o dano causado pola reserva.

As series léxicas referidas á infidelidade e a inconstancia do amigo son:

Amigo d´outra, amar outra, morrer por outra, outra dona veer, mentir, fazer torto, traedor

Outros efectos son a súplica, o desespero ciumento o choro. Isto exprésase a través de series léxicas como: *coita, coitada, pesar, sofrer, errar, ferida, ousar, engano*

- PROHIBICIÓN: comparte series léxicas có campo anterior ademais das específicas, expresións que anuncian: *o sufrimento de amor, como coita pesar, sofreer, mal fazer, ferida, maltreita*, a separación dos amantes con: *partir-se, ir-se, moran longe, non veer, alongar-se*.
- CONCORDIA DE AMOR: presenta distintos específicos que configuran situación de alegría. A ledicia é a marca específica deste campo sémico (*andar ledado, seer ledado, ficar ledado*) satisfacción pola cita de amor xa tida, pola cita só anunciada pero de realización segura onde entra en acción o mandadeiro ou mensaxeiro do mediodía as alabanzas que o poeta lle fai a amada e que tanto a compracen ou pola reciprocidade do sentimento amoroso. Neste campo sémico están contidas as recriminacións da muller polo comportamento imprudente do amigo.
- A PAISAXE: o marco no que se ambienta o asunto da cantiga de amigo e non urbano. Maiormente temos unha paisaxe bucólica primaveral con: *herba moi verde, árbores en flor, manatiais, fontes, río, un lago e moitos paxaros, cervos que andan polos montes, igrexas, ermidas, pequenos santuarios locais*

A ambientación mariña ten bastante difusión: *o mar e as embarcacións, o mar visto desde a terra e o mar como espello do estado de ánimo da protagonista*.